

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O SERVIZO DE MEDICINA PREVENTIVA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA CELEBRA O SEU 50 ANIVERSARIO

**Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2022.-** O Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza celebra hoxe o seu 50 aniversario.

Ao acto de inauguración da xornada asistiu o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, o alcalde da cidade, José Sánchez Bugallo, a xerente da área sanitaria compostelá, Eloína Núñez Masid e a xefa do servizo de Medicina Preventiva da Área, Cristina Fernández Pérez, entre outros.

A xornada celébrase ao longo do día no edificio docente Novoa Santos, durante a cal exporase a historia da especialidade, a importancia dos profesionais da Saúde pública na administración sanitaria, e o presente e futuro da medicina preventiva.

**Saúdos do Gabinete de Comunicación da Consellería de Sanidade**